

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.<sup>a</sup>,  
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 11.04.2017      Hora: 10:30

A Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais**

- 1.1 5437 (10/POC-000941)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e posta en valor do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa  
Lansbrica de San Cibrao de Las, en Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 1.2 6496 (10/POC-001130)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a opinión e a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas críticas do profesorado de Música e Artes Escénicas respecto das prazas anunciadas para a oferta pública de emprego do ensino, así como o mantemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de reunións cos seus representantes para abordar o conflito xerado despois da anulación da Orde do 10 de xuño de 2014  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 4913 (10/PNC-000476)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo co sector do teatro para elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección de actores e actrices do Centro Dramático Galego co fin de garantir o proceso artístico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
- 2.2 5064 (10/PNC-000483)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*

- 2.3 5162 (10/PNC-000496)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pierres López, María Luisa e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación polo Concello de Oia do expediente referido ao proxecto presentado pola sociedade propietaria do real mosteiro de Oia para a súa rehabilitación e conversión un complexo hoteleiro, residencial e turístico  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
- 2.4 5556 (10/PNC-000533)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre a ampliación polo Goberno galego da oferta pública de formación profesional na Costa da Morte, especificamente no referido aos graos da rama agropecuaria, forestal, hostaleira e marítima  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*
- 2.5 6573 (10/PNC-000663)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible exclusión na oferta pública de emprego da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2017 da convocatoria de prazas correspondentes ao corpo de profesores de Música e Artes Escénicas da quenda de acceso libre  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017*
- 2.6 7058 (10/PNC-000721)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para difundir a vida e obra de Domingo Fontán, así como para a conmemoración no ano 2017 do 200 aniversario dos comezos da elaboración da Carta Xeométrica.” (Procedemento de urxencia)  
*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 92, do 29.03.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

Antonio Mouriño Villar

Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

## **Vogais**

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1. Preguntas orais

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 5437(10/POC-000941)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa xestión e posta en valor do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica de San Cibrao de Las, en Ourense

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**, relativa á privatización e concesión da xestión do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica de San Cibrao de Lás (Ourense) a unha empresa dirixida por cargos pertencentes ao Partido Popular.

No ano 2014 a empresa Espiral Xestión Cultural, administrada por familiares de cargos do PP, recibiron da Xunta de Galicia 543.842,98 € ata 2017 para xestionar o **Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbria**, situado no castro da Idade de Ferro de San Cibrao de Lás (Ourense), que foi habitado entre o século II a.C. e o II d.C.

Esta empresa, que foi creada no 2013, isto é, con nula ou en todo caso moi reducida experiencia en xestión cultural, viuse beneficiada polo feito de ser unha empresa xestionada por cargos do Partido Popular. Con dous administradores solidarios: Jorge Sayáns (fillo do alcalde do PP de Campo Lameiro) e Xulio Sayáns (do PP, con bastón de mando dende 1983).

A pesares da súa escasa vida, esta empresa fora beneficiada xa con anterioridade para a xestión do parque arqueolóxico dedicado á arte rupestre de Campo Lameiro, sen necesidade de pasar pola mesa de contratación pública. Subrogáronselles 554,500 € para que continuasen a xestión de *Ingenia Qued* que entrara en concurso de acredores.





Parte dos petróglifos de Campo Lameiro, foron danados por maquinaria pesada durante a roza do monte a consecuencia da mala xestión desta empresa no PAAR.

O xerente de Espiral Xestión, quen se fixo cargo do contrato do parque en febreiro de 2012, xa exercía como xefe de mantemento e responsable de administración no organigrama de *Ingenia Qued*, a adxudicataria inicial do concurso público para a explotación do centro.

A empresa Espiral Xestión Cultural remata a súa xestión no Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa *Lansbrica* de San Cibrao de Lás (Ourense) neste ano 2017.

Segue resultando anoxante ver como a empresa Espiral se lucra con diñeiro público entregado “a dedo”. O ben público que é o noso patrimonio, entregado a empresas amigas, nun claro exercicio de nepotismo. E despois de ter demostrado a súa incompetencia despois de danar petróglifos en Campo Lameiro.

Non podemos esquecer en que contexto xurde esta Rede Galega de Parques Arqueolóxicos de Galicia. Presuntamente cada un destes parques ía actuar como motor dinamizador nas economías locais e como motor na investigación de cada área (neste caso na Cultura Castrexa) .

Por todo isto o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Vai a promover o Goberno galego unha auditoría pública á empresa concesionaria, xa que existen dúbidas sobre o proceso de adxudicación pero tamén da súa xestión en todo este tempo: incumprimentos no número de persoas contratadas diferente ao presentado en proxecto, falta mantemento das instalacións, falta de pago a provedores, situación contable da empresa en quebra impedida por lei para participar en concursos públicos?
2. Vai poñer marcha un modelo mixto de xestión integral: outorgar máis peso e participación nos mesmos a institucións públicas como Museos, Grupos de



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/02/2017 11:02  
Nº Rexistro: 5437  
Data envío: 21/02/2017 11:02:50.546



Investigación de Universidades, etc. e aumentar o nivel de fiscalización das empresas xestoras. Mellorar a cooperación entre ambos axentes?

3. Vai reservar partidas orzamentarias necesarias para a posta en valor do xacemento arqueolóxico no seu contexto humano e físico, actuando sobre elementos singulares próximos ao mesmo e promovendo actividades que axuden a mellorar o seu recoñecemento social entre a comunidade local?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017.

Asdo.: Ánxeles Cuña Boveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 21/02/2017 11:01:59**

**Luca Chao Pérez na data 21/02/2017 11:02:03**

**Reunión da Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.2 6496(10/POC-001130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión e a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas críticas do profesorado de Música e Artes Escénicas respecto das prazas anunciadas para a oferta pública de emprego do ensino, así como o mantemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de reunións cos seus representantes para abordar o conflito xerado despois da anulación da Orde do 10 de xuño de 2014

*Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:25**  
**Nº Rexistro: 6496**  
Data envío: 13/03/2017 12:25:00.927

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

Na Oferta Pública de Emprego (OPE) anunciada pola Consellaría de Educación e de acordo coa información remitida ás organizacións sindicais na Mesa Sectorial do 2 de marzo de 2017, convocaranse 23 prazas ao Corpo de profesorado de música e artes escénicas. Porén, unicamente dirixida a docentes de secundaria que imparten aulas en conservatorios.

Neste senso, aínda que a convocatoria de oposicións no ensino continúa pendente da aprobación dos Orzamentos do Estado para 2017, a decisión causou un forte malestar entre os colectivos que representan o corpo docente de música e artes escénicas.

Desde a Asociación de Profesores de Música e Artes Escénicas de Galicia (Apmaegal) denuncian que con esta oferta a Xunta de Galiza está a vulnerar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) pola que se confirma a ilegalidade do traspaso entre corpos relativa á Orde do 10 de xuño de 2014 sobre normas de adxudicación de destino provisional para o curso académico 2014/2015 entre persoal docente non universitario. Unha orde aplicada desde 2011 polo Goberno galego que permitía a docentes de secundaria exercer como profesorado de conservatorio.

Así pois, exigen que esta proposta sexa retirada e substituída por unha de acceso libre.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:25**  
**Nº Rexistro: 6496**  
Data envío: 13/03/2017 12:25:00.927



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza as críticas suscitadas entre o profesorado de música e artes escénicas en relación coas prazas anunciadas para a OPE de ensino?
- Tense reunido a Consellaría de Educación con representantes do profesorado de música e artes escénicas para abordar o conflito xerado despois da nulidade da Orde de 2014?
- Pensa retirar a súa proposta e procurar unha outra que sexa de acceso libre e non por promoción interna permitindo que persoal interino dos conservatorios ou novas promocións poidan acceder a estas prazas en troca do PES?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/03/2017 12:25**  
**Nº Rexistro: 6496**

Data envío: 13/03/2017 12:25:00.927

**Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2017 12:24:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2017 12:24:10**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2017 12:24:13**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2017 12:24:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2017 12:24:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2017 12:24:24**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.      Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 4913(10/PNC-000476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dun proceso de diálogo co sector do teatro para elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección de actores e actrices do Centro Dramático Galego co fin de garantir o proceso artístico

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 11:12**  
**Nº Rexistro: 4913**  
Data envío: 13/02/2017 11:12:29.704

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

O pasado 10 de febreiro coñeciamos a través dun comunicado público a renuncia á dirección das Galas do Defunto de Tito Asorey. Xunto a el, renunciaban tamén Vanesa Sotelo, actriz, dramaturga e directora da revista Galega de Teatro e Manuela Domínguez, secretaria do tribunal encargado do proceso de selección das actrices e actores que terán que interpretar Martes de Carnaval. En total 3 das 6 persoas que compuñan o órgano.

Entre as razóns da súa renuncia sitúase, aseguraron, o desacordo co sistema de selección do elenco pois din que dificulta enormemente o proceso artístico. Unha decisión que foi apoiada pola Asociación de Actrices e Actores ao considerar que non é a formula elixida a máis acaída para unha institución coma o CDG, xa que pasa por alto as particularidades laborais e artísticas dos actores e actrices e directores e directoras.

Desde a Asociación urxen explicacións “públicas, oportunas e suficientes” ao goberno galego ao tempo que reclaman un proceso de diálogo entre a administración e o sector co obxectivo de procurar unha outra fórmula que satisfaga todas as partes.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 11:12**  
**Nº Rexistro: 4913**  
Data envío: 13/02/2017 11:12:29.704

debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo co sector do teatro co obxectivo de elaborar uns novos criterios que rexan os procesos de selección do CDG co obxectivo de garantir o proceso artístico.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2017 11:01:10**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2017 11:01:26**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2017 11:02:13**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/02/2017 11:12**  
**Nº Rexistro: 4913**

Data envío: 13/02/2017 11:12:29.704

**María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2017 11:02:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2017 11:02:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2017 11:02:24**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 5064(10/PNC-000483)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Gómez Salgado, Carlos e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 17:48  
Nº Rexistro: 5064  
Data envío: 13/02/2017 17:48:59.978

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Carlos Gómez Salgado**, **María Antón Vilasánchez**, **Teresa Egerique Mosquera**, **César Fernández Gil**, **Moisés Rodríguez Pérez**, **Carlos E. López Crespo** e **Antonio Mouriño Villar** do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

## Exposición de motivos

O pasado 9 de Xuño do 2016 o Plenario da Real Academia Galega, reunido en sesión ordinaria, acordou dedicar o Día das Letras Galegas do 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño.

Neste mesmo ano 2017, dáse outra celebrada onomástica relacionada con este escritor ourensán: a saída do prelo, en febreiro de 1967, hai 50 anos, de *Vento ferido*, o seu primeiro libro publicado, inserido na Colección Illa Nova da Editorial Galaxia, que supuxo un xeito moderno e universalizante de concibir a literatura Galega.

Os membros da RAG destacaron que o escritor ourensán foi “unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX”, salientando a súa condición de narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural, así coma “o humor e a sinxeleza e a claridade no tratamento dos temas que lle afectan ao mundo actual”. Así mesmo, os académicos fixeron fincapé en que “alén do seu talento literario, Casares foi un intelectual de relevo extraordinario que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por unha laboriosidade incansable, ao tempo intelixente e reflexiva, e sempre cun compromiso inequívoco coa lingua galega”. A RAG conclúe que a escolla de Casares “reforzará o prestixio da nosa lingua e literatura, non soamente entre o público escolar e estudantil en xeral, senón entre o gran público lector, que xa celebrou en vida a súa espléndida obra literaria”.

Ademais, no ano 1982, hai agora 35 anos, Casares formaba parte dos 71 deputados e deputadas que iniciaban no salón nobre do Pazo de Fonseca a I Lexislatura do Parlamento de Galicia, tendo sido elixido pola circunscrición electoral de Ourense nas

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 17:48  
Nº Rexistro: 5064  
Data envío: 13/02/2017 17:48:59.978

eleccións ao Parlamento de Galicia, celebradas o día 20 de outubro de 1981. Casares presentárase a aquelas eleccións como galeguista independente nas listas do PsdeG-PSOE, acompañado por Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal, iniciando unha andaina política da que sempre gardou un excelente recordo.

Unha das grandes heranzas de aquela primeira lexislatura foi o espírito de consenso ao que tanto contribuíron os catro deputados galeguistas, consenso no que frutificou a Lei de Normalización Lingüística, aprobada por unanimidade o 15 de xuño de 1983, en cuxos debates previos e redacción final xogou Casares un importante e decisivo papel.

O pasamento de Ramón Piñeiro en 1990 marca a fin dunha etapa na historia do galeguismo e na vida de Carlos Casares, que a partir dese momento e ata a súa morte vai ter que desempeñar un papel moi semellante ao xogado nos anos anteriores polo seu amigo e mestre. Ambos os dous foron persoeiros fundamentais no desenvolvemento cultural de Galicia, onde Casares destacou pola súa actividade intelectual: na creación, dinamización, defensa e impulso da cultura galega, así como na dignificación da nosa lingua.

Foi o propio Ramón Piñeiro quen propuxo a Carlos Casares como director da Editorial Galaxia en 1985, cargo que desempeñou ata a súa morte e durante o cal procedeu á reestruturación da emblemática editorial viguesa coa mirada posta nos desafíos que podían mostrar uns escenarios sempre cambiantes.

Carlos Casares compaxinou unha extensa creación literaria cunha non menos intensa actividade cultural e institucional: ademais de dirixir Galaxia e a revista *Grial*, presidiu o PEN Club de Galicia, que axudara a nacer, e tamén o Consello da Cultura Galega; formou parte do Padroado da Fundación Caixa Galicia, dirixiu os cursos de verán da Fundación Camilo José Cela; participou activamente como membro activo na vida da Real Academia Galega; impartiu conferencias, escribiu prólogos, visitou colexios e institutos, presentou libros e asistiu aos innumerables actos aos que foi requirido.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, con ocasión de dedicarlle o Día das Letras Galegas do 2017 ao escritor Carlos Casares Mouriño, coincidente co 50 aniversario da publicación de *Vento Ferido*; insta á Xunta de Galicia a impulsar e desenvolver iniciativas que contribúan a afondar e a espallar o coñecemento da obra literaria deste autor, do seu pensamento galeguista, do importante labor que desenvolveu no eido da normalización

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/02/2017 17:48  
Nº Rexistro: 5064**  
Data envío: 13/02/2017 17:48:59.978

lingüística, da modernización da cultura e na dignificación da lingua galega.

Tamén a contribuír á conservación, divulgación, coñecemento e posta en valor do seu legado material e cívico, vinculado á actividade intelectual e á vida; para que perdure entre nós a memoria de quen foi, segundo a RAG, 'unha das figuras máis senlleiras e renovadoras da literatura galega das últimas décadas do século XX' ”.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/02/2017 17:45:37**

**Carlos Gómez Salgado na data 13/02/2017 17:46:05**

**Maria Antón Vilasánchez na data 13/02/2017 17:46:17**

**Teresa Egerique Mosquera na data 13/02/2017 17:46:25**

**César Manuel Fernández Gil na data 13/02/2017 17:46:35**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 13/02/2017 17:46:39**

**Carlos Enrique López Crespo na data 13/02/2017 17:46:53**

**Antonio Mouriño Villar na data 13/02/2017 17:47:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 5162(10/PNC-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación polo Concello de Oia do expediente referido ao proxecto presentado pola sociedade propietaria do real mosteiro de Oia para a súa rehabilitación e conversión un complexo hoteleiro, residencial e turístico

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Abel Losada Alvarez, Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.<sup>a</sup>, Educación e Cultura**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Exposición de motivos

O Real Mosteiro de Oia é un antigo mosteiro cisterciense fundado no século XII, situado no concello de Oia, na provincia de Pontevedra. O conxunto monacal foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 1931.

A súa proximidade ao mar faíno destacar entre o resto de mosteiros do Císter. Foi esa situación tan estratéxica, freote a unha cala que actuaba como refuxio e abrigo para embarcacións, a que provocou o carácter de fortaleza na súa fachada ao mar.

Unha intensa historia vén ligado ao mesmo, servindo non só para acoller ás diversas congregacións que o habitaron, senón que actuou tamén como lugar de defensa, introdutor de novos produtos alimentarios (millo e tomate), o cultivo da vide, da cría de cabalos en liberdade ( orixe da rapas das bestas).

O século XX supuxo para o mosteiro un continuo traspaso de mans. Dende o ano 1932 a administración correspondeu ao alcalde do concello, época na que sofre os maiores saqueos e abandono. Durante a guerra civil foi empregado como cárcere, chegando a albergar a preto de 3.300 de persoas presas.

Na actualidade e tras diversas vendas a diferentes propietarios e propietarias e sociedades a propiedade recae na sociedade Residencial Monasterio de Oia S.A., actual promotora dun proxecto hoteleiro, residencial e turístico.

Este proxecto que contempla a restauración, rehabilitación, e posta en valor do conxunto monacal e do seu entorno, prevé dotar ao complexo dun hotel 4 estrelas, con capacidade aproximada de 72 habitacións, zonas verdes, un centro de talasoterapia anexo e o desenrolo dun equipamento residencial nos terreos do ámbito de actuación.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2017 18:29  
Nº Rexistro: 5162  
Data envío: 14/02/2017 18:29:00.216



### Grupo Parlamentario

O Pleno do Concello de Oia, na súa sesión extraordinaria celebrada o 30 de novembro de 2011, aprobou un convenio urbanístico relativo á ordenación detallada e a delimitación do polígono que afecta ao mosteiro e ó seu entorno inmediato suscrito entre o citado concello e a mercantil propietaria do mesmo.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Van para 6 anos dende o comezo dos trámites e a pesar do convenio asinado co concello no seu día e de ter sido tratado o tema no Pleno do Concello en repetidas ocasións, aínda non se acadou a aprobación inicial da modificación puntual precisa para avanzar nas seguintes fases de redacción.

Mentres tanto, este ben catalogado como BIC, está nun estado de abandono tal que está a pór en serio perigo a súa correcta conservación.

E se a recuperación deste conxunto patrimonial é primordial, non o é menos o novo uso que se lle pretende dar, que suporá un impulso para o emprego e economía local, especialmente nun concello como é o de Oia, que perde poboación ano a ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a interesarse polo estado da tramitación deste expediente no concello de Oia e a desenrolar mecanismos de protección efectivos do patrimonio histórico - artístico, máis alá da publicidade.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Abel Losada Alvarez  
Concepción Burgo López  
Luis Manuel Alvarez Martínez  
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2017 18:29**  
**Nº Rexistro: 5162**  
Data envío: 14/02/2017 18:29:00.216



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 14/02/2017 18:27:09**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/02/2017 18:27:14**

**María de la Concepción Burgo López na data 14/02/2017 18:27:18**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 14/02/2017 18:27:25**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/02/2017 18:27:30**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 5556(10/PNC-000533)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a ampliación polo Goberno galego da oferta pública de formación profesional na Costa da Morte, especificamente no referido aos graos da rama agropecuaria, forestal, hostaleira e marítima

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>**, sobre a oferta de Formación Profesional na Costa da Morte.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación e Cultura ten reiterado o seu compromiso coa Formación Profesional como un eixo fundamental do sistema educativo. Sen embargo, semella que este compromiso non é igual en todo o territorio posto que, unha vez máis, as diferenzas entre o alumnado de contornas rurais fronte ao das cidades é enorme.

Mentres nas principais cidades do país aumentan as prazas e titulacións atopámonos con que nas zonas rurais a oferta é claramente insuficiente, anticuada e moi pouco adaptada á realidade socioeconómica dos diferentes lugares.

Un claro exemplo desta precariedade da Formación Profesional témola na Costa da Morte, onde nos atopamos cunha oferta escasa e moi centrada en familias profesionais con escasas saídas laborais.

Así, en Vimianzo, a oferta redúcese, no presente curso, a un grado básico de electricidade e electrónico, así como un ciclo medio e superior de xestión administrativa e administración e finanzas, respectivamente.

Na mesma liña en Cee ofértanse graos medios e superiores vinculados coa electrónica e coa administración, así como grados básicos de mantemento de vehículos, fabricación e montaxe, e un grado medio de coidados de enfermaría.



No que respecta a Carballo tampouco hai diferenzas significativas, senón que coinciden en ciclos da rama de electrónica e administración, alén dun grao medio de comercio e un superior de informática. Ou en Ponteceso, onde a maiores dos graos das ramas xa mencionadas se oferta un grao básico e outro medio da rama do automóbil.

É dicir, unha oferta moi afastada dos principais sectores económicos da Costa da Morte como son o agropecuario, o forestal, o mundo do mar, e o hostaleiro-turístico. É dicir, unha oferta moi afastada dos principais sectores económicos da Costa da Morte como son o agropecuario, o forestal, o mundo do mar, e o hostaleiro-turístico.

A esta oferta súmase a que ten o Centro de Promoción Rural EFA Fonteboa, centrado na formación agropecuaria. Un centro privado vinculado co OPUS en Coristanco e que se converte na única saída próxima para quen desexe dedicarse ao mundo laboral agrícola e gandeiro na comarca.

Ante estas ausencias, a cidadanía da Costa da Morte vén reclamando a necesidade dun reforzo e actualización da oferta formativa, máis adaptada ás demandas da zona e cos principais nichos laborais.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a ampliar a oferta pública de formación profesional na Costa da Morte de xeito que se adapte á realidade socioeconómica da comarca e ás futuras oportunidades laborais das persoas tituladas, apostando por graos da rama agropecuaria, forestal, hostaleira e marítima.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/02/2017 09:30**  
**Nº Registro: 5556**  
Data envío: 22/02/2017 19:07:45.884



Asdo.: Luca Chao Pérez,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda

Voceiro do G.P de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 22/02/2017 19:02:27**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/02/2017 19:02:39**

**Luis Villares Naveira na data 22/02/2017 19:07:16**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 6573(10/PNC-000663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible exclusión na oferta pública de emprego da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

Universitaria para o ano 2017 da convocatoria de prazas correspondentes ao corpo de profesores de Música e Artes Escénicas da quenda de acceso libre

*Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017*





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Nas últimas datas están aparecendo noticias sobre a oferta pública de emprego da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nas que se indica que está previsto que as prazas correspondentes ao corpo de profesores de música e artes escénicas non serán ofertadas para o acceso pola quenda libre, reservando prazas de forma exclusiva para o acceso dende o corpo de profesores de Educación Secundaria.

Por parte de responsables da dita consellería se indica que a medida obedece a que na convocatoria de oposicións do ano 2008 se sobrepasaran as necesidades de profesores de música de educación secundaria o que xustifica a necesidade de actuar deste xeito.

En idénticos termos manifestáronse na comisión 4ª tanto o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa como o director xeral de Centros e Recursos Humanos. A explicación é recorrente e pivota permanentemente sobre dous argumentos repetidos en calquera intervención do Goberno: a nefasta xestión do Goberno bipartito e o impecable rigor corrixindo os erros que leva a cabo o Goberno do Partido Popular.

Non obstante, o anterior é falso. A efectos didácticos, convén expoñer que no campo da lóxica se denomina contraexemplo a unha excepción a unha regra que se propón como xeral; é dicir, ese caso (o contraexemplo), demostra que a regra xeral non o é. Vexamos a continuación algúns datos moi doadamente contrastables:

1. Na Resolución do 9 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publica a adjudicación de destino provisional para o curso académico 2016/17 entre o persoal docente pertencente aos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia; a quen resulta desprazado por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar; ao



#### Grupo Parlamentario

persoal opositor, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (DOG do 15 de setembro de 2016), se observa que existen os seguintes profesores de educación secundaria desprazados por falta de horario:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Especialidade	Desprazados
Filosofía	5
Lingua castelá e literatura	3
Bioloxía e xeoloxía	3
Debuxo	4
Francés	8
Música	9
Educación física	6
Tecnoloxía	3

2. Na Orde do 4 de abril de 2016 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de Educación, ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 de abril de 2016) convócanse, entre outras, 16 prazas da especialidade de Educación Física.

Queda demostrado que existen máis especialidades con excedentes de profesorado e nas que o infalible goberno da Xunta de Galicia oferta prazas para opositar: o caso de Educación física é o contraexemplo.

Pero aínda hai máis. No caso do profesorado de educación secundaria da especialidade de Francés, podería terse adoptado unha decisión idéntica empregando as Escolas Oficiais de Idiomas.

Efectivamente, o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei (BOE do 2 de marzo de 2007),



#### Grupo Parlamentario

establece a base legal para a posibilidade que parece que pensa empregar a consellería, en concreto no capítulo IV do título IV.

En definitiva, é unha cuestión de oportunidade (que non de legalidade) a intención manifestada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con respecto a esta convocatoria.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O anterior vén a reforzar a hipótese de que estamos a ver unha actuación moi concreta, posto que non se está a resolver un gran problema, nin un problema exclusivo, pero si potencialmente para un colectivo moi concreto.

Nada hai que obxectar ás distintas posibilidades de promoción, tanto horizontal como vertical, previstas no ordenamento xurídico, que o profesorado pode empregar, pero si ao veto que esta medida impón ao profesorado interino dos conservatorios de música.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que na convocatoria de oposicións prevista para este ano 2017, non se eliminen prazas e especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas da quenda de acceso libre, limitando esa posibilidade á quenda de acceso de funcionarios docentes a outros corpos do mesmo grupo e nivel de complemento de destino.

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2017

#### Asinado dixitalmente por:

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 14/03/2017 12:56:47**

**María de la Concepción Burgo López na data 14/03/2017 12:57:02**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2017 12:59:48**

**Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura**

**Día: 11.04.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 7058(10/PNC-000721)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para difundir a vida e obra de Domingo Fontán, así como para a conmemoración no ano 2017 do 200 aniversario dos comezos da elaboración da Carta Xeométrica. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, 92, 29.03.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2017 17:41  
Nº Rexistro: 7058  
Data envío: 24/03/2017 17:41:35.394

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Antonio Mouriño Villar, Moisés Rodríguez Pérez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura** polo trámite de **urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

### Exposición de motivos

Domingo Fontán Rodríguez, nado en Porta do Conde (Portas) o 17 de abril de 1788 e finado en Cuntis o 24 de outubro de de 1866, foi un ilustrado galego, xeógrafo, matemático, político, empresario, coñecido sobre todo por ser o autor do primeiro mapa topográfico científico de Galicia, a Carta Xeométrica de Galicia. Foi secretario da Deputación Provincial de Galicia, director do Observatorio Astronómico de Madrid, deputado en Cortes e presidente da Real Sociedade de Amigos do País de Santiago. Os seus restos están no Panteón de Galegos Ilustres.

En 1811 comezou a súa carreira de profesor como substituto do catedrático de Retórica e durante o curso 1813-14 substituíu ao seu mestre titular da cátedra de



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2017 17:41  
Nº Rexistro: 7058  
Data envío: 24/03/2017 17:41:35.394

Lóxica Metafísica. Foi procesado pola Real Audiencia en 1814; en 1815 restituíronlle os seus dereitos.

Está considerado o primeiro enxeñeiro xeógrafo español, disposto polo Decreto que creou a escola especial de enxeñeiros xeógrafos en 1835 do que foi o primeiro director. Foi director do Observatorio Astronómico de Madrid.

En 1817 comezou os seus traballos de medición para realizar a Carta Xeométrica de Galicia, labor ao que consagrou dezasete anos da súa vida e polo que é lembrado hoxe en día. Durante o Trienio liberal foi secretario da Deputación Provincial de Galicia.

Destaca a motivación que moveu a Domingo Fontán a emprender unha obra que sabía non lle reportaría beneficios económicos, nin sequera académicos. Foi unha obra feita por galeguismo e patriotismo.

Atribuíenselle moitos méritos pero o seu grande logro foi o de ofrecer por primeira vez o resto de Galicia nun labor cartográfico, que sorprende polo que representa de avanzado, por acadar unha exactitude entón difícil de lograr, pero que ten para as galegas e galegos cualidades de símbolo, tal e como expresou Otero Pedrayo.

Coa súa obra visibilizouse a importancia cartográfica para a dotación de infraestruturas fundamentais para inventariar os recursos naturais, fomentar as comunicacións e o comercio, en definitiva, para o avance dos pobos.

Polos motivos expostos o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non del lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a difundir a vida e obra de Domingo Fontán, para o que colaborará con distintas institucións públicas e coa Fundación

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/03/2017 17:41  
Nº Rexistro: 7058**  
Data envío: 24/03/2017 17:41:35.394

Domingo Fontán e coa Asociación Domingo Fontán, ademais de conmemorar este ano 2017 o 200 aniversario dos comezos da elaboración da 'Carta Xeométrica'".

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 24/03/2017 17:36:10**

**Teresa Egerique Mosquera na data 24/03/2017 17:36:21**

**César Manuel Fernández Gil na data 24/03/2017 17:36:42**

**Maria Antón Vilasánchez na data 24/03/2017 17:36:46**

**Carlos Gómez Salgado na data 24/03/2017 17:36:54**

**Carlos Enrique López Crespo na data 24/03/2017 17:37:07**

**Antonio Mouriño Villar na data 24/03/2017 17:37:19**

**Moisés Rodríguez Pérez na data 24/03/2017 17:37:30**

**Martín Fernández Prado na data 24/03/2017 17:37:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)